



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR. CURSO 2014-2015

CIRCULAR INFORMATIVA AOS PAIS/NAIS DO ALUMNADO

Corresponde ao actual curso escolar a renovación parcial do Consello Escolar do Instituto, a Xunta Electoral encargada de organizar e supervisar o proceso electoral acordou, en sesión celebrada o día 7 de novembro, comunicar aos pais/nais dos alumnos/as mediante a presente circular os aspectos máis relevantes de dito proceso.

A) NORMATIVA VIXENTE

- Resolución do 19 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

B) REPRESENTACIÓN DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

O Consello Escolar do IES de Brión que se constituirá tras o proceso electoral, contará con tres representantes do sector de pais/nais do alumnado, un deles designado pola ANPA, e os outros dous elixidos por voto directo, secreto e non delegable. **Na presente convocatoria corresponde renovar un dos representantes elixidos por votación.** Cada elector fará constar na súa papeleta un nome da lista de candidatos e candidatas.

C) ELECTORES E ELIXIBLES

A representación dos pais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ó pai e a nai, ou, se é o caso, ós titores legais.

D) CENSO ELECTORAL

As listas do censo electoral están expostas no vestíbulo do Instituto, para a súa comprobación e posible reclamacións por parte dos pais/nais ou titores legais dos alumnos. A Xunta Electoral resolverá as posibles reclamacións na súa reunión do día 19 de novembro.

E) PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

PRAZO: do 11 ao 18 de novembro ambos os dous incluídos.

LUGAR: Administración do Centro (en formulario establecido)

HORARIO: de 09 a 14 horas.

F) CELEBRACIÓN DAS VOTACIÓNS

As votacións para elixir aos representantes dos pais/nais dos alumnos serán o vindeiro día 27 de novembro no vestíbulo do Instituto de 17:00 a 19:00h. Cada elector deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo.

A información acerca do desenvolvemento do proceso electoral atópase no Centro e na páxina web do Instituto.

Brión, a 11 de novembro de 2014

O Presidente da Xunta Electoral

Asdo.: José Antonio Caneda Vidal